Galicia Encantada



Morte

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Micromitos 017: Machismo de ultratumba

Da violencia machista entre vivos estamos moi fartos; da de ultratumba apenas hai casos pero algún hai, como este do antigo noivo que lle zoscaba á rapaza a pesar de estar morto.

Xustina traballaba de criada nun pazo polos arredores de Vigo e cando ían casar o mozo morreu de repente. De alí a tempo botou outro mozo pero cando anunciaron o casamento ela comezou a comportarse dunha maneira rara. Choraba e laiábase decontino, ninguén sabía nin intuía o motivo ata que ela falou.

A resposta foi sorprendente: O meu antigo mozo, o defunto, arréame labazadas!

Os malpensados creron que eran remorsos daqueles vellos amores, un pesar que lle impedía dar o paso de casar con outro home. Pero ela insistía; o defunto zoscáballe.

Decidiron vixíala e comprobaron que era certo. Ver non se vía ninguén pero sentíanse resoar os lapotes, e, ademais, a cara de Xustina aparecía claramente marcada.

Como se resolve un caso así! Moi doado. Foron xunta o crego, que deu unhas misas pola alma do finado e todo volveu á normalidade máis normal.

Xustina casou co mozo vivo e foi feliz.

«⇔»

Serie: Micromitos **Publicación:** *Nós Diario*, 23 de setembro de 2020.

Locución audio: Rocío Romero Otero

Your browser does not support the audio element.